



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# ¿Quen cho ía dicir?

Vigo, 17 de Novembro de 2011

Despois de que os traballadores/as do Taller leven amosando o seu rexeite á Quenda Variable, o "Cesar está indignado, e co seu gabinete de propaganda o fronte busca a confrontación entre os traballadores/as intentando a máxima romana do "divide e vencerás".

Pero a C.I.G. non vai caer nesta vella trampa, sería unha falla de respecto para cos traballadores/as que poidan opinar distinto. En consecuencia, reclúa ós seus gladiadores que non haberá circo.

Agora coa boca pequena recoñecen que a C.I.G. tiña razón cando na segunda reunión pediu que se seguira o procedemento que establece a Lei no seu Art. 41 do E.T., por tratarse dun cambio substancial das condicións de traballo. A súa negativa a recoñecelo, foi como todos/as sabemos o que nos obrigou a abandonar dita reunión e proceder a poñelo en coñecemento da Autoridade Laboral, camiño que afortunadamente non fixemos sós.

Dende ese momento vostedes abren a caixa dos tronos satanizándonos nos medios de comunicación e no interior da fábrica, ameazando ós nosos Delegados/as para impedir que os traballadores/as puidesen dar libremente a súa opinión.

Vostedes acostumbrados a dirixir por Decreto, pensaron que a anestesia aplicada era suficiente para que non nos déramos conta da gravidade da "operación".

Para a Dirección, a Xornada Variable, non é un medio conxuntural en si mesmo, é un fin, e para iso, crearon o escenario ideal no Sistema II, argumentando que, por motivos económicos e de instalacións, o B.9 non podía pasar pola M.2, *¿é que acaso é máis "barato" facer o proceso en Ferraxe e mandalo para outra planta aínda que para iso haxa que recorrer ás horas extras como está a suceder?*

Desmontados os argumentos técnicos, recórrese á palabra SOLIDARIEDADE para con outros Centros. *¿...Quen cho ía dicir?*, esta Dirección, que desterrou esta palabra da nomenclatura das Relacións Laborais, fomentando precisamente o contrario entre os traballadores/as, tanto salarial como profesionalmente, e agora nos veña con esa "sensibilidade" de ser solidarios cos nosos veciños, e para a C.I.G., *¿que veciños máis pretos que os nosos propios compañeiros/as do Sistema II?*

*¿Que foi daquel criterio, sempre defendido e recoñecido por todos, do anterior Director que se pasaba o tempo viaxando en busca de maior carga de traballo para esta Planta e o seu entorno?. Acaso, xa non lembramos cando saturados de produción foise o Xsara Picasso para outra planta (gala, po certo) e cando baixamos o rescatamos. Vostede polo contrario sempre nos deu a impresión de estar máis preocupado en chamar a atención ós operarios/as, aínda que coa súa actitude, deixara en evidencia o mando.*

O B.9 pode pasar pola M.2 e a cadencia do Sistema I pode regularse para as tres quendas cunha mellor distribución das cargas de traballo, cubrindo ó mesmo tempo as necesidades básicas doutras plantas. Esa é a forma que dende a C.I.G. entendemos a SOLIDARIEDADE.

Por certo, falando de Solidariedade, a nosa Comarca está cun 22% de desemprego.

## Confederación Intersindical Galega

NOTA. dado que o venres é o primeiro xuízo pedímosvos que o xoves participedes nas concentracións.